

## **MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO E O CONCELLO DE CENLLE PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DENOMINADO ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO PARA O EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE CENLLE**

A Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo é o órgano da Administración autonómica que en virtude do Decreto 214/2020, de 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica ten atribuídas a elaboración, proposta e execución da política do Goberno Galego en materia de administración local e as competencias en materia de asistencia á Administración Local, así como o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais.

A Xunta de Galicia ten previsto asinar un convenio de cooperación co concello de Cenlle para a execución do proxecto denominado *Adquisición de equipamento para o edificio administrativo do concello*.

Os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, establecen que os concellos deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños.

Pola súa banda, a Comunidade Autónoma de Galicia busca garantir un equilibrio no territorio galego entre o medio rural e urbano, o interior e a costa que permita o desenvolvemento económico da totalidade do territorio e que os cidadáns galegos teñan unhas óptimas condicións de vida, con independencia do seu lugar de residencia, potenciando e apoiando a prestación de servizos por parte dos nosos concellos, como Administración máis próxima aos administrados e converténdoo en motor do desenvolvemento económico rexional.



Para os efectos sinalados tense previsto formalizar co concello de Cenlle o instrumento convencional a que se refire a presente memoria cunha duración que abrangue dende a súa sinatura ata o 30 de decembro de 2021.

O convenio ten por obxecto fixar as liñas de cooperación entre a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e o concello de Cenlle para a execución do proxecto denominado *Adquisición de equipamento para o edificio administrativo do concello*.

O concello de Cenlle expuxo a necesidade de dotar de novo equipamento ao seu edificio administrativo que por mor das inundacións acontecidas nese termo municipal quedou inservible e que carece dos medios económicos precisos para poder adquirir ese novo equipamento.

Esta actuación resulta de interese para a Xunta de Galicia polo que supón de potenciación e apoio á prestación de servizos por parte dos nosos concellos, como Administración máis próxima aos administrados, un apoio especialmente necesario neste caso considerando as especiais circunstancias do concello de Cenlle que veñen a incidir nun contexto dun escenario orzamentario fortemente restritivo do que deriva, entre outras consecuencias, as dificultades do concello para afrontar os compromisos económicos que a execución das actuacións obxecto de subvención representan para a facenda municipal.

A conxuntura descrita e o obxectivo da actuación así como a existencia de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz na adquisición de equipamento para o edificio administrativo do concello de Cenlle, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do concello de Cenlle.

Para dar cumprimento aos obxectivos deste convenio a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a través da Secretaria Xeral Técnica, achegará a cantidade máxima de CATORCE MIL EUROS (14.000,00 €) con cargo á



aplicación orzamentaria 05.21.121A.760.0 (CP 2015 00088). Esta cantidade representa o 77,65 % do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio.

Incorpórase ao expediente declaración xustificando a imposibilidade de promover a concorrência pública, de acordo co establecido no artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento convencional para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

A secretaria xeral técnica  
(asinado dixitalmente á marxe)

Beatriz Cuiña Barja

